



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTE E OITO DE MARZO DO ANO DOUS MIL NOVE.**

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vinte e oito de marzo do ano dous mil nove, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez

Non asisten os concelleiros D. Tomás Fernández González e D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

**PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS TRINTA E UN DE XANEIRO, ONCE DE FEBREIRO, VINTE DE FEBREIRO E DEZASETE DE MARZO DO ANO DOUS MIL NOVE.**

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as actas das sesións plenarias celebradas en data vintenove de novembro do ano dous mil oito e o dezaseis de xaneiro de dos mil nove, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Toma a palabra a Concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. María Belén González González indicando que en relación á acta de data dezasete de marzo no punto de “**ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO EN LOBIOS**”, na súa intervención, cando preguntou se ía ter repercusión nos veciños, referíase a unha repercusión económica, e quere que quede constancia de iso.

Sometida a votación separada a aprobación das actas das sesións plenarias anteriores, resultan aprobadas co seguinte resultado:

**Acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data trinta e un de xaneiro do ano dous mil nove.**

Resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (dúas abstencións)

**Acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data once de febreiro do ano dous mil nove.**

Resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (dúas abstencións)

**Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada en data vinte de febreiro do ano dous mil nove.**

Resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (dúas abstencións)

**Acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data dezasete de marzo do ano dous mil nove**

Resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Yáñez Salgado( por inasistencia ao Pleno do Acta), Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (tres abstencións)

**PUNTO SEGUNDO:RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO Nº 1/2009.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimismo, o Informe de Secretaria- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se dilixencie a recepción e conformidade das facturas.

2º) Que se aprrobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de catorce mil un euros con sesenta céntimos (14.001,60 €), co seguinte detalle:



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
GUDIÑA DE HORMIGONES S. L.	Factura nº 146, de 30-06-04. Suministro Hormigon	43.21001	4.297,66 €
GUDIÑA DE HORMIGONES S. L.	Factura nº 163, de 15-07-04. Suministro Hormigon	43.21001	3.295,93 €
AGRONOSA SAT	Factura nº 62/006, de 31-05-06. Suministro material Obradoiro de emprego Serra do Xures	43.21001	5.778,32 €
BALADRON	Factura nº 302718, de 15-12-07. Suministro Electrico	43.21001	438,29 €
BALADRON	Factura nº 302835, de 30-12-07. Suministro Electrico	43.21001	191,40 €
	<b>SUMA TOTAL</b>		<b>14.001,60 €</b>

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.”

Sometida esta proposta a votación , resultou aprobada pola unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (dúas abstencións)

#### **PUNTO TERCEIRO:EXPEDIENTE “ ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DO TRACTOR DESBROZADORA NO CONCELLO DE LOBIOS.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta da Alcaldía.

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

PRIMEIRO.

Aprobar provisionalmente o acordo regulador do prezo público de Tractor Desbrozadora

SEGUNDO.

Dar ao expediente a tramitación preceptiva e proceder á publicación do acordo regulador do prezo público de conformidade co disposto no artigo 60 da lei 30/92”

Asi mesmo fai mencion da concurrencia de razóns de carácter social benéficas,culturais e de interés público que afectan a esta Ordenanza, e que se transcriben literalmente:

?O establecemento e contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o que fixe en cada caso o Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 47.1 do R.D.L. 2/2004 e artigo 23.2 b) da Lei 7/85.

?A estes efectos, con carácter previo ó inicio dos servizos, o Pleno, en base ó informe sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto do servizo, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.

?Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Pleno poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior.

? De conformidade con todo o antedito e con motivo de levar a cabo, de conformidade coa normativa, a limpeza de areas para a prevención de incendios forestais, acorda a aplicación destes prezos públicos aínda que non cubren o custe do servizo xa que se considera a existencia de razóns de interese publico.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Sometida esta proposta a votación, e as concorrencias de razóns de carácter social benéficas, culturais e de interese público que afectan a esta Ordenanza, resultaron aprobadas pola unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dña. María del Carmen Yáñez Salgado, Dña. María Belén González González, D. Antonio Estévez González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Fernández González e Veloso González ( por inasistencia) (dúas abstencións)

#### **PUNTO CARTO: DECRETOS DO MES DE DECEMBRO DO 2008.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, repostando que non e dándose por enterados.

#### **PUNTO QUINTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que non se presentaron Mocions por parte dos Grupos Políticos.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en base ao artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro se inclúe por **URXENCIA** un tema que pasa a expor o Sr Fernández Simo.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que en cumprimento do acordado nun Pleno anterior en relación co Centro de Día e o centro Residencial, quere traer ao Pleno a ratificación daquel acordo adoptado para proceder a sinatura do convenio que se realizará nesta semana. Asimesmo, descúlpase por non haber presentado antes a documentación.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Estevez González, Fernández Simo, Carballo Suárez (nove votos a favor)

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, pregunta canto é o importe que tería que pagar o concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que o imposte sería o gasto de dirección de obra, continúa dicindo que o convenio ten que asinarse esta semana e que sería positivo que votasen todos a favor.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que non teñen datos concretos polo que van absterse na votación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que esvai asina-lo convenio esta semana e retrasar a sinatura non sería benéfico,. Continúa decindo que si se trae ao Pleno é para reforza-lo compromiso político daquel momento e, pregunta cal sería a información necesaria.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indicando que a documentación debe ser completa e que non está completa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente indicando que ó presentar a documentación 5 minutos, antes do pleno non da tempo a mirar o convenio con deteñemento pero que si é preciso asinalo o martes, o seu grupo votará a favor condicionando o voto a que se cumpran os requisitos que se acordaron no Pleno anterior.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, respondendo que o convenio cumpre o acordado naquel Pleno. Trataríase da primeira fase.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente reiterando que o seu grupo está de acordo co proxecto e mostra a discrepancia coa falta de tempo para estudar o contido do convenio polo que votarán a favor condicionando o voto a que se cumpran os requisitos que se acordaron no Pleno anterior.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o acordo que debe adoptarse é a ratificación política da sinatura do convenio.

Sometida a votación do acordo, resultou aprobada por maioría dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, (sempre que o convenio se axuste ao acordado no Pleno anterior) Fernández Simo, Carballo Suárez (cinco votos a favor)

**ABSTENCIÓN:** Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Estevez González (4 abstencións)

#### **PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que quere que se lle de unha resposta a pregunta que fixo nun Pleno anterior.

Toma a palabra o Sr Alcalde – Presidente respostando que estivo revisando as actas dos Plenos anteriores e non encontrou ningunha pregunta que quedara sen respostar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que quere que no sucesivo se tome nota dao que se trata no Pleno e se resolvan as preguntas.

Toma a palabra o Sr Alcalde – Presidente indicando que en relación a solicitude feita no Pleno Ordinario de xaneiro no que se solicitaba un informe de Secretaria no que se indicase o motivo de non poder facerse unha auditoría por unha empresa externa, e unha vez solicitado por el dito informe, a Sra. Secretaria- Interventora realizou un informe do que se lee os Fundamentos Xurídicos e a Conclusión, e que se transcriben a continuación:

#### **“FUNDAMENTOS DE DERECHO**

El Capítulo cuarto del Título VI del TRLRHL dictan las normas sobre control y fiscalización de las Entidades Locales, sometiéndolas al control interno, ejercido por el órgano interventor, y al control externo, encomendado al Tribunal de Cuentas. Así lo ha declarado la Jurisprudencia, que atribuye al control interno tanto la función interventora como el control financiero y el control de eficacia, tanto de las propias Entidades Locales como de sus Organismos Autónomos y Sociedades Mercantiles. Control financiero que se realizará por procedimientos de auditoría, de acuerdo con las Normas de Auditoría del Sector Público. Funciones todas ellas encomendadas al Secretario-Interventor. Atribución de competencia que se realiza en virtud del art.12 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (EC 380/1993), de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPA).

Mas claro en este asunto fue la Sentencia dictada por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León (Burgos), de 18 de febrero de 1997 (EC 1969/1997) que en el recurso núm. 790/1996, interpuesto por la Administración General del Estado, se impugna una Resolución Municipal acordando la realización de una auditoría por una empresa privada. En el escrito de demanda se solicitaba que se anulase dicho acuerdo, mediante el cual se contrataba una firma de auditoría, así como la declaración de que la anulación de la adjudicación llevase consigo la del contrato, que entraría en fase de liquidación.

En los Fundamentos jurídicos, concretamente en el segundo, recoge la sentencia que «el art. 204 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales( hoy art 223 TRLRHL) se refiere a la fiscalización externa de las cuentas y de la gestión económica de las Entidades locales y de todos los organismos y Sociedades de ellas dependientes», para establecer que tal fiscalización es función propia del Tribunal de Cuentas con el alcance y condiciones que establece la Ley Orgánica Reguladora del mismo y su Ley de funcionamiento.

Continúa el mismo Fundamento segundo que, en lo que respecta al control y fiscalización internos, el art. 194 de la misma Ley 39/1988( actual art.213 de TRLRHL) , de 28 de diciembre (EC 42/1989), reguladora de las Haciendas Locales (LRHL) «incluye dentro de dicho control interno tres funciones: 1) La función interventora; 2) La función de control financiero; y 3) La función de control de eficacia. En concreto, el control financiero se define como el que tiene por objeto comprobar el funcionamiento en el aspecto económico financiero de los Servicios de las Entidades Locales, de sus Organismos Autónomos y



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

de las Sociedades mercantiles de ellas dependientes, puntualizándose que el control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las Normas de Auditoría del sector Público », para, apoyándose en los arts. 203 de la propia Ley ( actual 222 TRLRHL) y 14 del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, atribuir dicha función «al puesto de trabajo denominado Intervención, en las Corporaciones Locales cuya Secretaría esté clasificada en clases 1.ª o 2.ª, en tanto que en las de clase 3.ª estas funciones propias de la Intervención formarán parte del contenido del puesto de trabajo de Secretaría, salvo que se agrupen a efectos de Intervención».

En dicha sentencia se determina claramente los órganos que tienen las competencias fiscalizadoras, tanto externas como internas. Y basándose en el art. 63.1 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (EC 380/1993), de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPA), **estima que el acuerdo impugnado adolece de nulidad** «por tratarse de un acuerdo contrario al Ordenamiento Jurídico». Y, a la vista de los argumentos utilizados, estima el recurso interpuesto por la Administración General del Estado contra la resolución referenciada «que se anula y se deja sin efecto por no ser conforme a Derecho».

Dicha sentencia aplica el principio fundamental del art. 12 de la LRJPA, que delimita la esfera de atribuciones de los distintos órganos administrativos, o sea, su competencia, entendida como el conjunto de facultades y funciones, que el órgano puede ejercer. Así lo reconoce, también, la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, y en tal sentido puede citarse la sentencia de 22 de noviembre de 1954, según la cual la competencia administrativa «es el llamamiento que hace la Ley a determinada Autoridad o Corporación para atender preferentemente a toda otra, en un asunto que a la Administración incumbe».

## CONCLUSION

Conforme a lo expuesto, siendo órganos competentes para la fiscalización interna y externa la Intervención de la Entidad y el Tribunal de Cuentas, respectivamente, sólo tales órganos podrán realizar auditorías de las Corporaciones Locales.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que gustaría saber ata que punto se pode adjudicar unha obra a unha empresa de Lobios.

Toma a palabra o Sr Alcalde – Presidente respostando que iso depende do prezo das obras, de conformidade coa lexislación aplicable.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy